



BANDO DA ALCALDÍA

SOBRE A OBRIGA DE MANTER OS TERREOS E SOLARES NAS DEBIDAS CONDICIÓNS DE LIMPEZA E EVITAR ASÍ O RISCO DE INCENDIO ANTES DO 31 DE MAIO.

Coa chegada da tempada estival e o aumento do perigo de risco de incendio, **LÉMBRASE** as persoas responsables dos terreos (propietarios, usufrutuarios, arrendatarios...) **que dispoñen ata o 31 de maio da súa obriga para xestionar a biomasa e mantelos terreos nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada**, conforme ao establecido no artigo 21 da Lei 3/2007 de 9 de abril de Prevención e defensa contra os incendios de Galicia e nos artigos 6 e 7.1 da Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do Concello de Ponte deume (BOP núm. 170 de 07.09.2021).

Nas franxas de xestión de biomasa será obrigatoria, para as persoas responsables, xestionar a biomasa vexetal: nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolinerías, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do montes; e arredor das edificacións illadas destinadas a persoas, en solo rústico, localizadas a máis de 400 metros do monte.

Non poderá haber especies como eucalipto, pino, acacia negra, mimosa, toxo, fieitas, entre outras segundo o fixado na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 e no anexo II da ordenanza.

Logo do anterior, en caso de incumprimento, transcorrido o devandito prazo, o Concello, naqueles supostos nos que resulte competente, tramitará a correspondente orde de execución dos traballos ou ben procederá a execucións subsidiaria, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

Poderán consultar as parcelas afectadas no seguinte visor da Xunta de Galicia:
<https://mapas.xunta.gal/visores/faixas>

O que se fai saber para xeral coñecemento.

En Ponte deume, a 24 de abril de 2026

O Alcalde en funcións,
José Simoes Couceiro

(Delegación conferida por Decreto 238/2026 de 17 de abril)